





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



INFORME DE INTERVENCIÓN Ó ORZAMENTO DO 2015



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



INFORME DE INTERVENCIÓN

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- *Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*
- *Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL)*
- *Real-Decreto 500/90 do 20 de Abril.*
- *Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- *Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se aproba o regulamento de retribucións do persoal ó servizo da Administración Local.*
- *Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.*
- *Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, polo que se aproba a instrucción do modelo normal de contabilidade local (ICAL).*
- *Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.*
- *Leis Anuais de Orzamentos Xerais do Estado e demais disposicións concordantes.*
- *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante LOEOSF).*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*
- *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.*


Examinada a documentación que integra o expediente:

- Estados de ingresos e gastos do Orzamento da Corporación para o ano 2.015
- Avance da Liquidación do Orzamento da Corporación do exercicio 2.014.
- Anexo de persoal.
- Anexo de inversións a realizar no exercicio 2.015.
- Informe económico-financeiro.
- Memoria de Alcaldía.
- Bases de execución do Orzamento de 2.015.

Esta Intervención ten a ben **INFORMAR:**

1º. ESTRUTURA ORZAMENTARIA

Con motivo da aprobación da Orde **HAP/419/2014**, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, se procede á adaptación da estrutura orzamentaria. Con esta nova Orden Ministerial preténdese que tanto a estrutura dos orzamentos das





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



entidades locais como os criterios de clasificación dos seus gastos se adapten ós actualmente establecidos para o sector público estatal.

A nova codificación, que entra en vigor nos orzamentos de 2015, ten carácter cerrado e obrigatorio para as entidades locais a nivel de área de gasto, política de gasto e grupos de programa. En canto ós programas e subprogramas ten carácter aberto sempre e cando non se recollan expresamente no Anexo I da Orde.

2º-. ORZAMENTO NIVELADO. O proxecto de Orzamentos da Corporación para o ano 2.015 preséntase nivelado, por un importe total de 8.620.614,19 € tanto nos estados de gastos como nos de ingresos. Sen embargo, non soamente debe cumprirse un principio de nivelación formal, consistente en que os ingresos totais sexan iguais ós gastos totais, senón que tamén é necesario cumprir co principio de nivelación dende un punto de vista económico-orzamentario, isto é, os gastos ordinarios (gastos correntes e amortización de préstamos: capítulos 1, 2, 3, 4 e 9) non poden ser maiores ós ingresos ordinarios (ingresos correntes dos capítulos 1 a 5 excepto contribucións especiais dado o seu carácter afectado á finalidade para a que foron impostas e o concepto 397.00 do Presuposto de ingresos correspondente ó 10% do aproveitamento tipo). Esta segunda nivelación cúmprese no Proxecto de Presuposto que se analiza.

3º-. ÓRGANO COMPETENTE. O órgano competente para a súa aprobación inicial é o Pleno da Corporación, co quórum de "maioría simple".

4º-. PROCEDIMIENTO. Para a aprobación do Orzamento 2015 deberán seguirse os seguintes trámites:

A- Elevación ó Pleno. O proxecto do Orzamento Xeral, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria, será remitido polo Presidente ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, enmenda ou devolución (*art.168.4 TRLRFL 2/2004 e art. 18.4 R-D 500/90*).


B- Aprobación inicial do Orzamento polo Pleno da Corporación (*art.22.2.e Lei 7/85*), por **maioría simple** dos membros presentes (*art.47.1 Lei 7/85*).

O acordo de aprobación que será único, detallará os Orzamentos incluídos no Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

C- Información pública por espazo de 15 días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante ó que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno (*art.169.1 do TRLRFL 2/2004 e art. 20.1 R-D 500/90*).


Unicamente poderanse entablar reclamacións contra o Orzamento xeral (*artigo 170.2 do TRLRFL*):

- Por non axustarse a súa elaboración e aprobación ós trámites legais.
- Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles ó Concello de Cambados en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación ós gastos orzamentados, ou ben destes respecto ás necesidades para as que estén previstos.

Terán a consideración de interesados/as (*artigo 170.1 do TRLRFL*):

- a) Os habitantes no territorio do Concello de Cambados.
- b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio do Concello de Cambados.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos, e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

D- Resolución de tódalas reclamacións presentadas. O Pleno contará, para resolvelas, cun prazo dun mes (*art. 169.1 TRLRFL e art. 20.1 R-D 500/90*).


E- Aprobación definitiva. O Orzamento Xeral considerarase definitivamente aprobado se ó remate do período de exposición non se houberen presentado reclamacións (aprobación tácita); no caso contrario, requirirase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente (aprobación expresa). O quórum preciso para a válida adopción do acordo de aprobación definitiva expresa será o mesmo que o necesario para a aprobación provisoria: maioría simple do número legal de membros do Pleno (*art. 169.1 TRLRFL e art. 20.1 R-D 500/90*).

F- Publicación. O Orzamento Xeral definitivamente aprobado será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivera, e resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integren con indicación do cadro de persoal, no da Provincia (*art. 169.3 TRLRFL e art. 20.3 R-D 500/90*).

G- Remisión do expediente e entrada en vigor. Do Orzamento Xeral remitirase copia, vía telemática, á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia (*art. 169.4 TRLRFL e art. 20.4 RD 500/90*). O Orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma indicada no punto anterior.


A este respecto ponse de manifesto que de conformidade co artigo 2º da Orde do 15 de decembro de 2010 pola que se regula a remisión obrigatoria de determinada documentación das entidades locais galegas á Xunta de Galicia e se suprime o formato papel nelas, “a remisión da copia do orzamento xeral por parte das entidades locais galegas, realizarase unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia www.eidolocal.com”, dispoñendo o seu artigo 4º.1 que: “a Presidencia e, de forma inmediata, a persoa titular da secretaría serán directamente responsables do cumprimento do deber de remisión de actos e acordos”.

H- Recursos. Contra a aprobación definitiva do Orzamento Xeral poderase interpoñer polos terceiros debidamente lexitimados, directamente recurso contencioso-administrativo, non





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



suspendendo por si soa a citada interposición, a aplicación do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, tácita ou expresamente polo Pleno do Concello (*artigo 171 do TRLRFL*).


O presente proxecto de Orzamento para o exercicio 2015, preséntase cumprindo o límite temporal establecido no artigo 169.2 do TRLRFL a tenor do cal: “a aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno da Corporación deberá realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ó do exercicio en que deba aplicarse”. O Presuposto definitivo aprobarase con efectos de 1 de xaneiro de 2015, e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados sobre o Presuposto prorrogado se entenderán feitas sobre o Presuposto definitivo, polo que unha vez aprobado éste, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do presuposto prorrogado.

5º-. ESTADO DE INGRESOS.

Ponse de manifesto o estado comparativo entre as *previsións iniciais* de ingresos dos orzamentos correspondentes ó exercicio 2014 e o do 2015


Cap.	Denominación	PREVISIÓNS	PREVISIÓNS
		INICIAIS	INICIAIS
		ORZAMENTO 2014	ORZAMENTO 2015
		Importe €	Importe €
1	Impostos directos	2.284.000,00	2.284.000,00
2	Impostos indirectos	130.000,00	130.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.980.802,00	1.990.802,00
4	Transferencias correntes	3.580.654,72	3.623.600,19
5	Ingresos patrimoniais	128.700,00	120.205,00
6	Enax. de inversións reais	300.000,00	300.000,00
7	Transferencias de capital	308.509,61	150.005,00
8	Activos financeiros	22.000,00	22.000,00
9	Pasivos financeiros	2,00	2,00
TOTAL		8.734.668,33	8.620.614,19

No que respecta ós ingresos dos capítulos I a III (Impostos directos, impostos indirectos e taxas e outros ingresos) debe reiterarse que o criterio na presupostación de tales ingresos debe de ser o de prudencia e transparencia, por mor do reflexo da imaxe fiel do potencial da facenda local. Dito principio de prudencia aconsella a realización dunha estimación dos ingresos o mais axustada posible á realidade da execución orzamentaria que mostran as últimas liquidacións efectuadas, pois no caso de que non se chegaran a realizar dun modo efectivo tales previsións de ingresos e, por outro lado, as partidas de gastos se consumiran efectivamente, provocaríase un déficit estrutural.





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



En relación ó capítulo II (impostos indirectos), isto é, o Imposto sobre construcións, instalación e obras (concepto 290.00) reiterar a necesidade de que as tarefas de liquidación definitiva de dito imposto, se estendan a todo tipo de construcións, instalacións ou obras, incluídas as das persoas físicas e non unicamente ás de persoas xurídicas, como ata o de agora, para que deste xeito se poidan obter os ingresos que legalmente lle corresponde á facenda municipal de Cambados.

Polo que atinxe ás transferencias correntes do capítulo IV, as previsións de ingresos realizáronse tendo en conta as subvencións concedidas no exercicio anterior. Nembargantes, o correcto e o que esixe o principio de prudencia, é consignar unicamente as subvencións efectivamente concedidas, e os posibles incrementos nas previsións deberían realizarse cando se tivera certeza da súa efectividade, permitindo neste caso a oportuna modificación de crédito (xeración de crédito).

En todo caso recoméndase levar un control periódico a fin de axustar a execución orzamentaria á verificación das correntes de ingresos, aconsellando a revisión, en caso de que os fluxos dos ingresos non se produzan con normalidade.

En relación cos ingresos previstos no concepto 559.00 (reservas de espazo na Nave Loxística do Polígono de Setepías), reiterar o sinalado en diversos informes emitidos ó respecto xa que as empresas adxudicatarias de ditas reservas adebedan nalgúns casos, mais de dúas anualidades. Así ocorre coa empresa "Centro de Producción Vicar, S.L" cuxa débeda ascende a 69.589,95 € e con Transportes Nuñez Sayar, S.L cuxa débeda ascende a 46.639,04 €.


No caso da empresa Forvi S.C.G os dereitos liquidados e non ingresados ascenden a 27.165,89 €.

Tal feito supón un incumprimento do disposto nos acordos de adxudicación onde se establece que: "as devanditas tarifas aboaranse por mensualidades anticipadas (...)", o cal provoca quebrantos económicos para a facenda municipal, agravios comparativos e incumprimento da legalidade aplicable. Polo tanto, a Corporación Local deberá adoptar, sen mais demora, as medidas legais necesarias para que se proceda ó cobro das cantidades que se encontran pendentes e para que o ingreso de ditos importes se realice mensualmente, non permitindo que se repitan ditas situacións de impagos.

Ademais, polos servizos xurídicos do Concello deberá estudarse si a falta de pago debe conlevar o desaloxo do espazo a través do procedemento correspondente (vía civil), recordando asemade que non procede a vía de prema por tratarse dun ingreso de dereito privado.


E por outra banda, ponse de manifesto o prexuízo que esta a provocar ditas situacións de impagos ás arcas municipais dende outra perspectiva, xa que ditas reservas de espazo devengan IVE, polo que mensualmente vense liquidando e ingresando polo Concello de Cambados á Axencia Tributaria o IVE correspondente dunha cantidade que non ven percibindo.

De non procederse consonte ó indicado, estaríase a causar un quebranto económico legalmente improcedente ó Concello de Cambados así como un posible enriquecemento sen causa para terceiros, debéndose ter en conta o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



legais vixentes en materia de réxime local segundo o cal: “As autoridades e funcionarios de calquera orde que, por dolo ou culpa ou negligencia, adopten resolucións ou realicen actos con infracción das disposicións legais, estarán obrigados a indemnizar á Corporación local os danos e prexuízos que sexan consecuencia de aqueles, con independencia da responsabilidade penal ou disciplinaria que lles poida corresponder”.

6º.- ESTADO DE GASTOS

Ponse de manifesto o estado comparativo entre as *previsións iniciais* de gastos dos orzamentos correspondentes ós exercicios 2014 e 2015:

		CRÉDITOS INICIAIS ORZAMENTO 2014	CRÉDITOS INICIAIS ORZAMENTO 2015
Cap	Denominación	Importe €	Importe €
1	Gastos de persoal	3.650.293,34	3.658.390,23
2	Gtos bens correntes e serv.	3.720.135,00	3.808.051,00
3	Gastos financeiros	15.992,50	16.515,45
4	Transferencias correntes	202.788,76	251.400,00
6	Investimentos reais	424.505,61	326.000,00
7	Transferencias de capital	214.002,00	150.002,00
8	Activos financeiros	22.000,00	22.000,00
9	Pasivos financeiros	484.951,12	388.255,51
	TOTAL	8.734.668,33	8.620.614,19


6.1 - GASTOS DE PERSOAL.-

Para non incorrer en reiteracións excesivas, esta Intervención remítese ó xa indicado no seu informe á aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo, manifestando a súa desconformidade ós incrementos propostos, por infrinxir a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Por outra banda, sinalar que se procede a dotar o 50% da paga extraordinaria do período do 1 de xuño ó 14 de xullo de 2012, xa que de conformidade co Proxecto de LPXE para o ano 2015, as entidades locais que declararon a cantidade equivalente á paga extra do mes de decembro de 2012 como crédito non dispoñible deberán presupostar ex novo o 25% de dita cantidade. No caso deste Concello, por acordo plenario adopouse o reparto da cantidade correspondente a dito período en dúas anualidades (2014-2015).

Indicar asemade, que para o persoal funcionario crease, para os respectivos grupos de programas, as aplicacións relativas as pagas extraordinarias (subconcepto 120.09) e no caso do persoal laboral, o 100% da paga extra impútase a aplicación de retribucións básicas.

En relación ós límites das retribucións dos funcionarios ó servizo da Administración Local relativos ás gratificacións, produtividade e complemento específico, veñen establecidos no artigo 7 do RD 861/1986, a tenor do cal:





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



1. "Os créditos destinados a complemento de produtividade, gratificacións en no seu caso, complementos persoais transitorios, serán os que resulten de restar á masa retributiva global presupostada para cada exercicio económico, excluída a referida ó persoal laboral, a suma das cantidades que ó persoal funcionario lle correspondan polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino.
2. A cantidade que resulte, con arranxo ó disposto no apartado anterior, destinarase:
 - a) Ata un máximo do 75% para complemento específico, en calquera das súas modalidades, engadindo o de penosidade ou peligrosidade para a Policía Municipal e Servizo de Extinción de Incendios.
 - b) Ata un máximo do 30% para complemento de produtividade.
 - c) Ata un máximo do 10% para gratificacións".

Polo que se refire ó persoal funcionario, os distintos conceptos retributivos a engadir na masa retributiva global serían o soldo, os trienios, as pagas extraordinarias, o complemento de destino, o complemento específico, o complemento de produtividade, as gratificacións, a axuda familiar.

Do exposto resulta que:

FUNCIONARIOS (segundo datos do Anexo de persoal e tendo en conta as gratificacións e produtividades)

Masa salarial global (MSG) = 1.289.398,15 + 49.000 = 1.338.398,15

Retribucións básicas = (654.685,67)

Complemento de destino = (245.695,01)


438.017,47

	<u>LÍMITE MÁXIMO</u>	<u>PRESUPOSTADO</u>
Complemento Específico (75%)	328.513,10	453.853,71
Complemento Produtividade (30%)	131.405,24	15.200,00
Gratificacións (10%)	43.801,75	33.800,00

Do cálculo realizado ponse de manifesto que ditos límites supéranse no caso do complemento específico, cumpríndose no caso da produtividade e das gratificacións.


No que atinxe ás aplicacións de PRODUTIVIDADE, indicar a necesidade de que o Pleno fixe os criterios obxectivos en base os cales a Alcaldía pode distribuír as cantidades consignadas en concepto de produtividade.

Neste senso pode citarse a Sentencia do TSX Andalucía 31/03/2004, segundo a cal: "O complemento de produtividade non só significa incentivar a un funcionario polo desempeño do seu traballo, se non que esixe que con anterioridade se faga un plan de produtividade e se fixen os obxectivos a cumprir polo funcionario para devengalo dereito a percibilo". A data





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



de hoxe, a Corporación Local non definiu os criterios en base os cales cuantificar o complemento de produtividade, polo que o seu outorgamento non estaría motivado. En canto ás GRATIFICACIÓNS, o artigo 23.3 d) da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, define as gratificacións como "retribucións complementarias por servizos extraordinarios, fora da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía e periódicas no seu devengo".

Asemade, deberá respetarse o límite máximo das 80 horas anuais que sinala o artigo 35 do Estatuto dos Traballadores, o Convenio colectivo e o Acordo Regulador polo que se regulan as condicións de emprego do persoal laboral fixo e dos funcionarios ó servizo do Concello de Cambados, debendo sinalarse que no exercicio anterior, superouse con gran amplitude o mencionado límite das 80 horas anuais en determinados casos. Ademais, as horas extraordinarias terán unha consideración excepcional, debendo ser argumentadas, baseándose en excepcionais necesidades do servizo, compensándose preferentemente con descansos, a razón dunha hora por cada hora deste tipo traballada.


Con carácter previo á realización das horas extraordinarias ou dos servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo, debe constar petición razoada da necesidade de realizar os mesmos, persoas afectadas e previsión de horario de realización. Asemade, con carácter previo debe constar a súa fiscalización e autorización expresa polo órgano competente.

Ponse igualmente de manifesto o reforzamento da función interventora tras as últimas novidades legislativas en materia de estabilidade e transparencia, impondo unha serie de obrigas de subministro de información constante en materia económica-orzamentaria (Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desevoen as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira). Esta situación require a adopción de medidas de ampliación de persoal para este departamento a través dos correspondentes procesos selectivos, xa que o volume de traballo actual non é posible asumilo co persoal existente, o que determina que non se poida realizar de modo correcto tódalas funcións que lle son esixible legalmente.

6.2 - GASTOS EN BENS CORRENTES.


Esta Intervención manifesta a necesidade de que con carácter previo á realización de calquera tipo de gasto, exista unha proposta de gasto coa xustificación da necesidade do mesmo por parte da persoa ou unidade solicitante, e que deberá ser fiscalizada pola Intervención, a efectos de certificación da existencia de crédito e autorizada polo órgano competente.

Asemade debe darse cumprimento á Lei 20/2011 de Economía Sostible no seu artigo 32.3 que sinala que calquera actuación das Administracións Públicas deberán valorar as súas repercusións e efectos, de forma que se garante a sostibilidade orzamentaria e o artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira que establece que a xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



a calidade a cuxo fin se aplicarán políticas de racionalización do gasto e mellora da xestión do sector público.

Calquera actuación da Administración Local que afecte ó gasto público presente ou futuro, deberá valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ó cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria (situación de equilibrio ou superávit estrutural) e sostibilidade financeira (capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública).

E de conformidade co establecido no artigo 8 da Lei Orgánica 2/2012, en relación ó principio de responsabilidade, as Administracións Públicas que incumpran as obrigas contidas nesta Lei, asumirán na parte que lles sexa imputable as responsabilidades que de tal incumprimento se tivesen derivado.

Por outra banda, deberá procederse ó pagamento dos gastos aprobados no prazo establecido no artigo 216.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público segundo a cal: *“A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4. e si se demorase, deberá aboar ó contratista, a partires do cumprimento de dito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, polo que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que teña lugar o inicio do cómputo de prazo para o devengo de intereses, o contratista deberá de ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.*

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación (.....).


No artigo 7.2 da Lei 3/2004 dispónse que: *“O tipo legal de interese de demora que o debedor estará obrigado a pagar será a suma do tipo de interese aplicado polo Banco Central Europeo a súa mais recente operación principal de financiamento efectuada antes do primeiro día do semestre natural de que se trate, mais oito puntos porcentuais”.*

6.3 - INVERSIONS.- O artigo 168 do TRLRFL, sinala entre a documentación integrante do Orzamento Xeral da Entidade local o Anexo de Inversións.

Pola súa banda, o artigo 13.3 do RD 500/1990, establece que os proxectos incluídos no Plan de Inversións identificaranse mediante o código que naquel se lles asigne e que non poderá alterado ata a súa finalización.

O artigo 19 do mesmo texto legal, sinala o contido do Anexo de Inversións. No mesmo deberá especificarse para cada un dos proxectos a realizar:

- a) O código de identificación.
- b) Denominación do proxecto.





Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



- c) Ano de inicio e ano de finalización previstos.
- d) Importe da anualidade.
- e) Tipo de financiamento, determinando si se financia con recursos xerais ou con ingresos afectados.
- f) Vinculación dos créditos asignados.
- g) Órgano encargado da súa xestión.

Polo que se refire ás inversións que se financian con ingresos afectados, como son as financiadas con subvencións ou alleamento de terreos, a realización do gasto debe quedar condicionada á existencia do compromiso firme do ingreso, pois en caso contrario, e de conformidade co artigo 173.6 do TRLRFL tales créditos terán a condición de indisponibles.

En materia de proxectos técnicos e direccións de obra débese rematar coa práctica habitual de incluír no presuposto de execución por contrata os honorarios de redacción do proxecto, debéndose tramitar os preceptivos expedientes administrativos para a contratación de ditos traballos de redacción de proxectos técnicos (a través do correspondente contrato de servizos, sempre que foran realizados por persoal alleo ó Concello).

Ademais ó existir funcionarios adscritos ó departamento de urbanismo, deberían constar as razóns polas que se procede a externalizar dito servizo.

O mesmo ocorre cos honorarios por dirección de obra, que tamén son incluídos no presuposto de execución por contrata, cando deberían ser facturados ó Concello e pagados polo mesmo.

7º.- BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO. O Presuposto Xeral inclúe as Bases de execución aplicables á Corporación en virtude do disposto nos artigos 165.1 do TRLRFL e 9.1 do RD 500/1990. As materias que son obxecto de regulación nas citadas bases inclúen as especificadas no artigo 9.2 do RD 500/1990.

O mais destacable é que se introduce a BASE VI.2. para regular a factura electrónica.

No artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece a obriga a tódolos provedores que teñan entregado bens ou prestado servizos a este Concello dende o 15 de xaneiro de 2015, de expedir e remitir factura electrónica. Nembargantes, e en virtude da potestade regulamentaria, estarán excluídas da obriga de facturar electrónicamente a este Concello as facturas de ata un importe máximo de 5.000 €, impostos engadidos.

Este é o meu informe que emito, sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito. Non obstante, o Pleno da Corporación, tendo en conta tódolo disposto no mesmo, e previa resolución das discrepancias plantexadas, decidirá o que estime mais conveniente ós intereses xerais.

Cambados, 12 de decembro de 2014

A Interventora:

Mª Carmen Vidal Pérez

